

RUTA DO VIÑO DE VALDEORRAS
ADEGAS
<ol style="list-style-type: none">A COROA Tel.: 988 310 648
<ol style="list-style-type: none">ADEGA ALAN DE VAL Tel.: 636 727 848
<ol style="list-style-type: none">ADEGA DA PINGUELA Tel.: 654 704 753
<ol style="list-style-type: none">ADEGA O CASAL Tel.: 663 563 079
<ol style="list-style-type: none">ADEGA O CEPADO Tel.: 686 611 589
<ol style="list-style-type: none">BIOCA Tel.: 639 642 989
<ol style="list-style-type: none">BODEGA ROANDI Tel.: 988 335 198
<ol style="list-style-type: none">BODEGAS GODEVAL Tel.: 988 108 282
<ol style="list-style-type: none">COVA DA XABREIRA Tel.: 988 984 827
<ol style="list-style-type: none">JOAQUÍN REBOLLEDO Tel.: 988 372 307
<ol style="list-style-type: none">MELLILLAS E FILLOS Tel.: 699 358 747
<ol style="list-style-type: none">SAMPAYOLO Tel.: 679 157 977
<ol style="list-style-type: none">TERRIÑA Tel.: 982 462 069 / 650 401 160
ALOXAMENTOS
<ol style="list-style-type: none">A PONTEVELLA Tel.: 988 322 022 / 624 003 432
<ol style="list-style-type: none">ECOS DOS TEIXOS Tel.: 669 724 206
<ol style="list-style-type: none">HOTEL MALECON Tel.: 988 684 932
<ol style="list-style-type: none">HOTEL MONUMENTO PAZO DO CASTRO Tel.: 988 347 423 / 650 492 654
<ol style="list-style-type: none">PACIO DO SIL Tel.: 609 567 823
<ol style="list-style-type: none">PALADIUM Tel.: 988 336 801

PROGRAMA ESPECIAL DE ACTIVIDADES DO ENOTURISMO EN GALICIA, PRIMAVERA DE PORTAS ABERTAS

RUTA DO VIÑO DE VALDEORRAS - DO 3 AO 5 DE MAIO

BUSES DO VIÑO. Servizo de transporte para visitar adegas o sábado 4 e do domingo 5 de maio durante todo o día. En todo momento os asistentes estarán acompañados por un guía turístico. Prezo: 10 €/ /adult@ - 5 €/ /nen@ (de 3 a 13 anos). Xantar non incluído. Prazas limitadas, necesaria reserva previa. + Info: 604 078 753

ACTO DE INAUGURACIÓN DO “ENOTURISMO EN GALICIA, PRIMAVERA DE PORTAS ABERTAS” NA RUTA DO VIÑO DE VALDEORRAS. Inauguración e cóctel de benvida do “Enoturismo en Galicia, Primavera de portas abertas” co acompañamento dunha actuación de música latina en directo. Horario: Venres 3 de maio, de 20.00 a 22.00 h. Prezo: Gratuito. Lugar: Hotel Monumento Pazo do Castro (O Barco de Valdeorras). + Info: 604 078 753

DESCUBRE VALDEORRAS. Actividade lúdico deportiva de orientación coa que se pretende por enalor a historia da vitivinicultura no concello da Rúa de Valdeorras. Os participantes farán equipos de entre catro e cinco persoas. Cada grupo recibirá un mapa coos puntos marcados e a orde na que deberán pasar por cada un deles (diferente para evitar que os grupos coincidan). En cada punto sinalado aqochearase un código QR que deberá escanear -demostrando que pasaron por alí- e lles permitirá acceder a unha pregunta relacionada coa historia da Rúa “vella” e dos seus viños. Os participantes terán varias alternativas de camiño para chegar a cada punto, polo que poderán ir escollendo e descubrindo o lugar pola súa conta. O percorrido rematará na Adega Mellillas e Fillos cunha cata acompañada de petiscos. Horario: Sábado 4 de maio, ás 11.00 h. Prezo: 15 €/persoa. Grupo máximo de 20 persoas. Lugar: Capela de San Roque (A Rúa). + Info: 604 078 753

SHOWCOOKING “OS PRACERES DE VALDEORRAS”. Para os amantes da cocíña galega -con toques vangardistas- e dos viños de Valdeorras, a Ruta do Viño organiza esta actividade dirigida pola xeña de cocíña Begoña Vázquez (restaurante Regueiro da Cova) e por Jorge Mazaíra (Director técnico do Consello Regulatorio), quen realizará a maridaxe dos pratos coos diferentes variedades de viños do territorio. Propóranse catro elaboracións inspiradas na ruta, no campo e no monte, que poderán ser degustadas doutros tantos viños diferentes. A actividade levarase a cabo na terraza cuberta do C.H Paladium, onde poderemos gozar dunhas fermosas vistas da comarca durante o solpor. Horario: Sábado 4 de maio, de 19.30 a 21.30 h. Prezo: 25 €/persoa. Lugar: Complexo Hostaleiro Paladium. + Info: 604 078 753

PARQUE NATURAL SERRA ECIÑÁ DA LASTRÁ. Visita ao parque natural ubicado no concello de Rubiá, onde a acieira, que dá nome ao parque, ten historia de séculos. Esta árbore significa clima mediterráneo e solos calcáricos, por iso resulta escasa no resto do territorio galego. Observar aromos, salicoides, robreiros, abedouros, alvaceiros, olivais, coníferos e velloso castiñeiros. O parque posúe un gran número de “palas”, covas (aquí está a meirande rede de cavidades subterráneas da Rúa). A fauna da serra está composta por aves rapaces, morcegos e un gran número de invertebrados ligados ao característico clima desta zona, e de menor pluviosidade de toda a comunidade autónoma. Horario: Venres 3 de maio, de 16.00 a 19.30 h. Sábado 4 e domingo 5 de maio de 10.30 a 14.30 h e de 16.00 a 19.30 h. Prezo: Visita libre e gratuita. + Info: 988 783 055

ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA BODEGA ROANDI

- **ENOBATISMO.** A actividade consistirá no bautizo das persoas visitantes, un felto que afianzará a relación entre eles e a adega. Habrá unha adega de viño, acompañados de petiscos. Os bautizados levarán consigo un recorde da adega. Horario: Sábado 4 de maio, ás 11.00 h. Prezo: 25 €/persoa. Se desexan tamén o Xantar tradicional, o prezo galego de ambas actividades será de 50 €/persoa. Grupo mínimo de 25 persoas, máximo de 80.

- **XANTAR TRADICIONAL.** Xantar harmonizado coos viños cultivados nas súas fincas -os máis representativos da adega-, co obxectivo de trasladar a cada comensal unha experiencia gastronómica senlleira. Horario: Sábado 4 de maio, ás 14.00 h. Prezo: 30 €/persoa. Se fai tamén o Enobautizo o prezo galego de ambas actividades será de 50 €/persoa. Grupo mínimo de 25 persoas, máximo de 80. + Info: 988 335 198 / 638 889 437

FESTA EN ADEGA E CANTOS DE TABERNA. O establecemento A Pontevella organiza cantos de taberna e maridaxe con viños da Denominación de Orixe nos bancals sobre o río Sil, no exterior do aloxamento (se así o permiten as condicións meteorolóxicas). Horario: Sábado 4 de maio, ás 20.00 h. Prezo: 20 €/persoa. + Info: 624 003 432/ 988 322 022

PATRIMONIO E VIÑO. Visita guiada ao santuario barroco das Ermidas organizada pola empresa Enoturismo Galicia. Para finalizar a xornada visitaremos unha adega de viño, onde participaremos nunha cata comentada con harmonía de queixos de Galicia. Horario: Sábado 4 de maio, de 10.00 a 14.00 h. Prezo: 21,50 €/persoa. + Info: 676 101 649

ACTIVIDADES DA EMPRESA DE SERVICIOS “VALDEORRAS E VIÑO”

- **A IDADE MEDIA, O ROMÁNICO E O VIÑO GODELLO.** Ruta guiada pola historia da comarca de Valdeorras, cunha duración aproximada de 2 horas. Comezaremos na Casa Señorial Mosteiro de Xagoaza, que na Idade Media estivo marcada pola presenza da Orde dos Caballeros Hospitalarios de San Xoán de Jerusalén, coñecidos como a Orde de Malta. Continuaremos coa visita a Bodegas Godeval para coñecer outra parte da historia de Valdeorras, relacionada co viño e o proxecto de recuperación da uva Godello. Pasearemos pola vila e visitaremos a adega e a Cova dos Monxes, onde catemamos un dos seus viños acompañado dun petisco tradicional. Horario: Sábado 4 de maio, ás 18.00 h. Prezo: 15 €/persoa. Grupo máximo 15 persoas. Desprazamento en vehículos particulares ata o mosteiro de Xagoaza.

- **CASTELO DO BOLD. UN VIÑO Á SAÚDE DOS IRMANDIÑOS.** Paseo guiado polo castelo medieval do Bolo de aproximadamente hora e media de duración. A historia deste castelo está marcada polo ataque dos Irmandiños na Gran Guerra Irmandiña (1467-1469). Na visita percorreremos as súas instalacións, restauradas polo Concello do Bolo. Remataremos cun cata de dous viños elaborados nas terras do Bolo, acompañados dun petisco tradicional. As actividades desenvolveranse con guías especializados e coñecedores desta comarca e do mundo do viño. Horario: Domingo 5 de ma, ás 13.00 h. Prezo: 15 €/persoa. Grupo máximo 15 persoas. Desprazamento en vehículos particulares ata o Castelo do Bolo. + Info: 619 086 326

RUTA EN BICICLETA ELÉCTRICA. Paseo polo concello de Larouco, de aproximadamente 20 quilómetros de lonxitude, organizado pola empresa Rutas Xantá. Rematará cunha cata de viños e petiscos nunha “Cova tradicional” no pobo de Seadur. Horario: Domingo 5 de maio, de 10.00 h a 14.00 h. Prezo: 15 €/persoa (inclúe aluguer de bicicleta eléctrica, cata e petiscos). Grupo máximo de 14 participantes. + Info: 604 078 753

ACTIVIDADES OFERTADAS POLO ESTABLECEMENTO ECO DOS TEIXOS

- **DESCUBRINDO OS MIRADIOS DE BAILO, RÍO DO VIÑO.** Realización dunha carreira de orientación por grupos (de dúas a seis persoas) ambientada na cultura do viño. Faremos divertidas probas de estratexia nun percorrido que pasa por antigos villosos arredor da aldea de Casalo. Durante o circuito poderemos atopar persoaxes e pistas aqochadas que presentarán rutas para poder continuar o percorrido. Gañará o grupo que consiga facelo máis rápido. Para finalizar, realizaremos un brinde con viño da Denominación de Orixe na taberna de Eco dos Teixos. Requírese reserva previa. Horario: Sábado 4 de maio, de 22.00 a 24.00 h. Prezo: 15 €/persoa. Grupo mínimo de participantes para desenvolver a actividade: 10. Idade mínima: 14 anos.

- **TEIXADAL DE CASALO.** Ruta guiada interpretativa ao Teixadal de Casalo, un bosque ancestral que agocha un dos ecosistemas forestais máis antigos da península. Descubriremos fervezas e refuxios da guerrilla, xa que no Teixadal natureza e historia danse a man aos pés de Pena Treveira, o cumio máis alto de Galicia. Para finalizar, realizaremos un brinde con viño da Denominación de Orixe na taberna de Eco dos Teixos. Requírese reserva previa. Horario: Sábado 4 de maio, de 09.00 a 16.00 h. Prezo: 28 €/persoa. Grupo máximo de participantes: 8. Idade mínima: 16 anos.

- **A CIDADE DOS ALEMÁNS.** Visita ás minas de wolframio explotadas polos nazis durante a Segunda Guerra Mundial. Descubriremos este poboado levantado en poucos anos a raíz da febre do wolframio e abandonado entre as montañas de Treveira. Para finalizar, realizaremos un brinde con viño da Denominación de Orixe na taberna de Eco dos Teixos. Requírese reserva previa. Horario: Domingo 5 de maio, de 10.00 a 14.30 h. Prezo: 6 €/persoa. Grupo máximo de participantes: 15. Idade mínima: 16 anos. + Info: 669 724 206

A TENDA DA RITA. Este establecemento de comercio especializado ofrece a posibilidade de realizar un pequeno percorrido urbano polo Barco de Valdeorras rematando cun “final felíz” no propio establecemento, saboreando bocados e grols e escoitando lendas de Valdeorras. Horario: Sábado 4 de maio, de 19.30 a 21.30 h. Prezo: 20 €/persoa. + Info: 988 093 435

ALOXAMENTOS CON OFERTAS ESPECIAIS “ENOTURISMO EN GALICIA, PRIMAVERA DE PORTAS ABERTAS”: Hotel Monumento Pazo do Castro: cuarto dobre con almorzo incluído + copa de viño D.O. de benvida, 95 €. Paladium: cuarto dobre con almorzo incluído, 65 €. Casa rural Pacio do Sil: cuarto dobre, 65 €. Almorzo, 12 €/persoa. Eco dos Teixos: cuarto dobre (cama de matrimonio) con almorzo incluído, 105 €, 2 noites. Hotel Maalecón: 5% de desconto sobre prezo habitual, consultar www.hotelmaalecon.com. A Pontevella: cuarto dobre con almorzo incluído + copa de viño D.O. de benvida, 99 €. Suite con almorzo incluído + copa de viño D.O. de benvida, 149 €. Apartamento + copa de viño D.O. de benvida (para 2 persoas), 149 €. Aparamento + copa de viño D.O. de benvida (2 cuartos para 6 persoas), 249 €. Pensión Aurum: cuarto dobre, 45 €. Cuarto individual, 30 €.

RUTA DO VIÑO RÍAS BAIXAS - DO 10 AO 12 DE MAIO

BUSES DO VIÑO. O sábado 11 de maio saíran autobuses dende Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense, Vigo e Ferrol, para facer diferentes rutas pola Denominación de Orixe Rías Baixas. En cada ruta visitaremos algunhas das adegas participantes nas Xornadas e o xantar, libre, terá lugar nalgún dos concellos adheridos á Ruta. En todo momento os asistentes estarán acompañados por un guía turístico. Prezo: 10 €/adult@ - 5 €/nen@ (de 3 a 13 anos). Xantar non incluído. Prazas limitadas, recomendáese reserva previa. Reservas: ataquilla.com. + Info: 986 091 088 / 687 523 230

MÚSICA E VIÑO POLO RÍO MIÑO. A Ruta do Viño Rías Baixas organiza un concerto a bordo dun barco histórico polo río Miño, co que poderemos gozar da música en directo e da paisaxe da zona, mentres tomamos un viño da Denominación de Orixe. A duración aproximada desta actividade é de hora e cuarto. Prazas limitadas, necesaria reserva previa. Horario: Sábado 11 e domingo 12 de maio, ás 12.30 a ás 18.00 h. Prezo: 10 €/persoa. Lugar: Saída dende o embarcador de Goñán. Reservas: ataquilla.com. + Info: 986 091 088 / 687 523 230

VISITAS TEATRALIZADAS. A Ruta do Viño Rías Baixas organiza visitas teatralizadas, na adega Pazo Balón, nas que se mesturan arte escénicas e enoturismo. Os participantes poderán coñecer o proceso de elaboración do viño ao tempo que gozan da presenza de actores coñecidos no ámbito galego. Prazas limitadas, necesaria reserva previa. Horario: Domingo 12 de maio, ás 10.30, 12.30 e 17.00 h. Prezo: 10€/persoa. Lugar: Pazo Balón. Reservas: ataquilla.com. + Info: 986 091 088 / 687 523 230

CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO VIÑO E DA LAMPREIA “ARABO”. Visita guiada gratuita ás instalacións do Centro de Interpretación do Viño e da Lampreia “Arabo”. Ao finalizar haberá unha degustación de viño (de adegas de Arbo) no pazo do museo. Horario: Venres 10 e sábado 11 de maio, de 11.00 a 14.00 h e de 17.00 a 19.00h. Domingo 12 de maio, de 11.00 a 14.00 h. Prezo: Gratuito. + Info: 986 665 000

RUTA DO VIÑO RÍAS BAIXAS

RUTA DO VIÑO RÍAS BAIXAS
ADEGAS <i>(cont.)</i>
<ol style="list-style-type: none">BODEGAS VIONTA Tel.: 986 747 566
<ol style="list-style-type: none">BODEGA DE CARRIL Tel.: 600 020 627
<ol style="list-style-type: none">GIL ARMADA Tel.: 986 524 877
<ol style="list-style-type: none">LAGAR DA CACHADA Tel.: 670 452 929
<ol style="list-style-type: none">LAGAR DE BESADA Tel.: 986 747 473
<ol style="list-style-type: none">LAGAR DE FORNELS Tel.: 986 625 875
<ol style="list-style-type: none">MAR DE FRADES Tel.: 637 479 469
<ol style="list-style-type: none">PAZO BAIÓN Tel.: 636 800 234
<ol style="list-style-type: none">PAZO DE ALMUÍÑA Tel.: 986 663 424
<ol style="list-style-type: none">PAZO DE RUBIANES Tel.: 649 000 680
<ol style="list-style-type: none">QUINTA COUSELO Tel.: 630 331 353
<ol style="list-style-type: none">TERRAS GAUDA Tel.: 986 621 001 / 986 621 045
<ol style="list-style-type: none">TORRE PENELAS Tel.: 677 217 453
<ol style="list-style-type: none">VIÑA MORAIMA Tel.: 986 711 206 / 679 400 756
ALOXAMENTOS
<ol style="list-style-type: none">CASA MARINEIRA LOURDES Tel.: 986 543 985 / 635 404 462
<ol style="list-style-type: none">HOTEL CARLOS SILGAR Tel.: 986 727 036
<ol style="list-style-type: none">HOTEL CASA ROSITA Tel.: 986 542 878
<ol style="list-style-type: none">PARADOR DE CAMBADOS Tel.: 986 542 250
RESTAURANTES
<ol style="list-style-type: none">HOTEL CASA ROSITA Tel.: 986 542 878

RUTA DO VIÑO DO RIBEIRO

RUTA DO VIÑO RÍAS BAIXAS (cont.) - DO 10 AO 12 DE MAIO

MUSEO DA CIENCIA DO VIÑO. Visita guiada gratuita ás instalacións do museo. Horario: Venres 10, sábado 11 e domingo 12 de maio, de 11.00 a 14.00 h e de 17.00 a 19.00 h. Prezo: Entrada individual: 5 € adulto, 3 € maiores de 65 anos, 2 € menores entre 6 e 18 anos. Entrada grupo (máis de 15 persoas): 3 € e 2 maiores de 65 anos, 1 € menores entre 6 e 18 anos. + Info: 617 148 866

CATAMARÁN POLA RÍA DE AROUSA. Paseo en catamarán pola ría de Arousa e visita a mexilleiros ofertado pola naviera Mares do Grove. Habrá degustación de viño das Rías Baixas, refrescos e mexillóns. Horario: Sábado 11 de maio, ás 12.00 h. Prezo: 15 €/persoa. Lugar: Porto do Grove. + Info: 607 645 687

CATA A CEGAS: CAMELIAS, TÉ E VIÑO. Con Pazo Quinteiro da Cruz viviremos unha experiencia sensorial que nos fará gozar en plena natureza, facendo un percorrido de recendos sorprendente, un xogo co que potenciaremos sobre todo os sentidos do gusto e do olfato. Horario: Venres 10 de maio, ás 17.00 h. Sábado 11 e domingo 12 de maio, ás 11.00 h. Prezo: 40 €/persoa. + Info: 619 170 806

RUTA DE SENDERISMO. VISITA. Para os amantes do senderismo e para os que prefiren gozar dunha xornada de enoturismo en familia, amámoste unhas rutas con tres maravillosos queixos galegos, unha maridaxe coidadosamente seleccionada na que degustaremos viños da adega con aromas de primeira calidade, un xogo co que potenciamos o medio aproximadamente para coñecer o sendeiro Muños do Xullana, rematando cunha visita guiada a adega e cunha degustación de dous dos seus viños. Horario: Domingo 12 de maio, ás 10.00 h. Prezo: 23 €/persoa. + Info: 698 667 212

A ORIXE DO ALBARÑO EN LANTAÑO. Adega Viña Cartín organiza unha visita guiada ao lagar medieval e cata na adega dos seus viños (se as condicións meteorolóxicas non o permiten, farase no seu lugar unha presentación fotográfica na propia bodega). A duración aproximada desta actividade é de noventa minutos. Requírese reserva previa. Horario: Sábado 11 de maio, ás 12.00 h. Prezo: 15 €/persoa. Grupo mínimo de 15 persoas. + Info: 615 646 442 / 615 646 452

VISITA GALICIA “CHEESE LOVERS”. Bodegas Vionta propónnos unha viaxe por Galicia a través da combinación perfecta de tres dos seus gorentos viños, con tres maravillosos queixos galegos, unha maridaxe coidadosamente seleccionada na que degustaremos viños da adega con personalidades únicas, acompañados de queixos de primeira calidade: Queixo Tetilla, San Simón da Costa (os dous coa Denominación de Orixe) e outro queixo galego, tamén moi saboroso, o Galmesano. Horario: Domingo 12 de maio, ás 12.00 h. Prezo: 19 €/persoa. + Info: 986 747 566

MAR DE FRADES VÍO EN AZUL. Experiencia na que a adega Mar de Frades fusiona a cata coo gastronomía, buscando os matices que proporcionan os aromas, sabores e texturas. Comezaremos cun agradable paseo e a explicación do viño e a viticultura nas nosas viñas a pé da adega, con vistas ao Val do Salnés. Posteriormente gozaremos dunha maridaxe dos nosos tres Albariños *premium* acompañados de tres pequenas propostas gastronómicas elaboradas a base de produtos marítimos típicos galegos. Horario: Sábado 11 de maio, ás 13.00 h. Prezo: 30 €/persoa. + Info: 637 473 488

SESIÓN “WINE TRUCK”. Adegas Valmiñor ofrece unha degustación de viños e petiscos amenizada con música no exterior das súas instalacións. Os viños serán servidos na súa “wine truck”. Horario: Domingo 12 de maio, de 12.00 a 14.00 h. Prezo: 5 €/persoa (inclúe dúas copas de viño). + Info: 664 081 476

ALOXAMENTOS CON OFERTAS ESPECIAIS “ENOTURISMO EN GALICIA, PRIMAVERA DE PORTAS ABERTAS”: Parador de Camarín: cuarto dobre con almorzo incluído, 140 €. Hotel Casa Rosita: 10% de desconto sobre a tarifa dispoñible na fin de semana (noites do 10 e do 11 de maio), 120 €. Hotel Carlos S Ilgar: 10% de desconto sobre a mellor tarifa dispoñible na fin de semana (noites do 10 e do 11 de maio) en aloxamento con almorzo incluído + spa. Consultar. Necesaria reserva previa e baixo dispoñibilidade. 50€ para reservas feitas directamente co hotel, por teléfono (986 727 036) ou correo electrónico (reservas@hotelcarlos.es). Hotel Casa Rosita: cuarto dobre con almorzo incluído + mariscada, 90 €/persoa. Casa Mariñeira Lourdes: aloxamento 1 noite almorzo incluído, 75 €. Aloxamento 2 noites almorzo incluído, 140 €

RUTA DO VIÑO DO RIBEIRO - DO 17 AO 19 DE MAIO

BUSES DO VIÑO. O sábado 18 de maio saíran autobuses dende Ourense, Ferrol, Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña. O domingo 19 de maio saírán dende Ourense, Santiago de Compostela e Pontevedra. En cada ruta visitaranse algunhas das adegas participantes nas Xornadas e o xantar, a parte do almorzo. Os asistentes estarán acompañados por un guía turístico. Prezo: 10 €/adult@ - 5 €/nen@ (de 3 a 13 anos). Xantar non incluído. Prazas limitadas, necesaria reserva previa. Reservas: ataquilla.com. + Info: 988 477 100

SÁBADO DE TAPEO. Os restaurantes participantes no “Enoturismo en Galicia, Primavera de portas abertas” presentarán unha oferta variada de petiscos que se poderán harmonizar coos viños das diferentes adegas participantes. Aforo limitado, necesaria inscrición. Horario: Sábado 18 de maio, de 19.30 ás 22.00 h. Prezo: 8 €/persoa. (Depósito previo de 2€/copa, que serán reembolsados ao devolver a copa). Lugar: Igrexa da Madalena, Praza da Madalena (Ribadavia). Reservas: ataquilla.com. + Info: 988 477 100

CONCERTO MUSICAL. Concerto promovido pola Asociación da Ruta do Viño do Ribeiro co gallo da celebración do “Enoturismo en Galicia, Primavera de portas abertas”. Horario: Sábado, 18 de maio, ás 22.30 h. Prezo: Gratuito. Lugar: Praza Maior de Ribadavia. + Info: 988 477 100

RIBEIRO, ENTRE VIÑO E IGREXAS. A Ruta do Viño propón unha andaina que nos levará a visitar as igrexas de Santo Domingo, Santiago, San Xoán e a capela do Portal de Ribadavia e a facer un paseo polo río ata a capela de San Xes de Francelos, xoia do prerrománico galego. Horario: Domingo 19 de maio, de 09.30 ás 13.00 h. Prezo: 10 €/persoa. Lugar: Praza Maior de Ribadavia. Reservas: ataquilla.com. + Info: 988 477 100

MUSEO DO VIÑO DE GALICIA. Exposición permanente sobre a cultura e produción do viño en Galicia, a viticultura e os oficios tradicionais, así como a historia do Orixe galegas, etc. Horario: Venres 17, sábado 18 e domingo 19 de maio, de 10.00 a 14.30 h e de 16.00 a 19.30 h. Prezo: Visita gratuita. + Info: 988 783 075

MUSEO ETNOLÓXICO. Poderemos visitar diferentes exposicións do Museo Etnolóxico de Ribadavia. Horario: Venres 17 e sábado 18 de maio, de 10.00 a 20.00 h. Prezo: Visita libre e gratuita. + Info: 988 788 720

OFICINA DE TURISMO MUNICIPAL DE RIBADAVIA. Punto de información sobre os viños da Denominación de Orixe do Ribeiro. Oferecese información específica sobre as actividades de enoturismo que se desenvolven na comarca. Horario: Venres 17 e domingo 19 de maio, de 10.30 a 14.30 h. Sábado 18 de maio, de 10.00 a 14.00 h e de 16.00 a 19.00 h. Prezo: Gratuito. + Info: 988 471 275

OFICINA DE TURISMO MUNICIPAL DE OURENSE. Punto de información turística sobre o concello de Ourense. Horario: Venres 17, sábado 18 e domingo 19 de maio, de 11.00 a 14.00 h. + Info: 988 366 064

ACTIVIDADES DA EMPRESA DE SERVICIOS “GENUINE GALICIA”

- **VISITA NOCTURNA DE RIBADAVIA.** Visita nocturna guiada pola vila de Ribadavia. Pasearemos pola capela do Ribeiro coñecendo a súa historia a través de anécdotas, persoeiros e contos relacionados co mundo do viño. Horario: Venres 17 de maio, ás 20.30 h. Prezo: 5 €/persoa (pago in situ). Lugar: Fronte á Oficina municipal de Turismo de Ribadavia

- **DESCUBRINDO RIBADAVIA.** Un paseo para coñecer a vila de Ribadavia e súa historia. Horario: Sábado 18 de maio, de 19.30 a 20.30 h. Prezo: 5 €/persoa (pago in situ). Lugar: Saída dende a Oficina municipal de Turismo de Ribadavia. + Info: 675 558 545

ACTIVIDADES DE ADEGAS CELME

- **TOSTADO, CATA VERTICAL, HISTORIA E DEGUSTACIÓN.** Visita na que coñeceremos a historia e a tradición dunha xoia enolóxica, o Tostado do Ribeiro. Saborearemos o celme de tres colleitas nun contorna de villosos ecolóxicos. Horario: Venres 17, sábado 18 e domingo 19 de maio, ás 18.00 h. Prezo: 47 €/persoa (pago in situ)

- **CATA DE VIÑOS E HARMONIA CON SELECCIÓN CELME 25 REAIS.** Harmonía dós viños e vermíns da adega cunha coidada selección de produtos galegos que chegan da man de pequenas produtoras ecolóxicas e que serán aportados pola tenda Celme 25 Reais. Horario: Venres 17, sábado 18 e domingo 19 de maio, ás 14.00 h. Prezo: 35 €/persoa (pago in situ)

- **VERMÚ ESCRIBESE CON “C” DE CELME: CELMUÍ.** Esta actividade inclúe visita aos villosos ecolóxicos e ás instalacións da adega con posterior cata de viño e vermíns artesanais elaborados con castes autóctonas e botellas artesanais ecolóxicas. Horario: Venres 17, sábado 18 e domingo 19 de maio, ás 12.00 h. Prezo: 25 €/persoa (pago in situ). + Info: 639 081 810 / 636 520 584

APERITIVO CON VERMÚ ARTESANAL. Esta adega Cuñas Davía ofrece un aperitivo de diferentes produtos galegos harmonizado con vermú artesanal elaborado pola propia adega. A actividade inclúe a visita ao villedo e ás instalacións da bodega. Horario: Venres 17 de maio, ás 18.00h. Sábado 18 de maio, ás 12.00 e ás 18.00 h. Domingo 19 de maio, ás 12.00 h. Prezo: 50 €/persoa (pago in situ). + Info: 699 892 681


PÍCNIC ENTRE VIÑEDOS. A experiencia inclúe un percorrido polo villedo que rodea o Pazo de Toubes, un pazo restaurado, do século XVII, no corazón do Ribeiro. Coñeceremos o cultivo das variedades autóctonas do Ribeiro no interior dunha adega centenaria. Degustaremos un picnic entre viñedos rodeados de tranquilidade e natureza. O picnic consistirá nunha cesta para dous adultos composta por produtos galegos de proximidade (botella de viño da Casteira, empanada, queixo, embutido, conservas, paté, pan, bica...) e os castiños disporán dunha boa preparación de choizo, mosto de uva e bica da “Ermiña”. Horario: Domingo 19 de maio, ás 12.00 h. Prezo: 35 €/adult@ e 15 €/neno@ (de 3 a 17 anos) (pago in situ). + Info: 648 237 385

ECO-BARCO DO RIBEIRO. Arnoia Caldaria Hotel Balneario ofrece un paseo polo río Miño nunha embarcación eléctrica de emisións 0, que permite coñecer mellor a Denominación de Orixe máis antiga de Galicia. Degustación de viño da Denominación de Orixe. Horario: Venres 17 e sábado 18 de maio ás 16.30 h. Domingo 19 de maio ás 12.00 h. Prezo: 20 €/persoa (pago in situ). + Info: 988 492 400

GANDARELA TURISMO RURAL. Visita guiada a esta antiga casa de labranza que conta cunha adega restaurada do s. XVII. Ubicada en Carballada de Abaixo, no corazón do Ribeiro, está situada entre pequenos locais de antigos villosos. Coñeceremos a súa historia e poderemos degustar os seus viños de “Colleiro” elaborados con castes autóctonas, acompañados por produtos galegos de proximidade como empanada, choizo, mosto de uva e bica da “Ermiña”. Horario: Domingo 19 de maio, ás 12.00 h. Prezo: 35 €/adult@ e 15 €/neno@ (de 3 a 17 anos) (pago in situ). + Info: 648 237 385

ALOXAMENTOS CON OFERTAS ESPECIAIS “ENOTURISMO EN GALICIA, PRIMAVERA DE PORTAS ABERTAS”: Arnoia Caldaria Hotel Balneario: cuarto dobre con almorzo e 2 h de acceso ás piscinas de auga mineral-medical, 60 €/persoa. Casal de Armán: cuarto dobre con almorzo incluído, 90 €. Gandarela turismo rural: cuarto dobre con almorzo incluído, 90 €. Pazo de Esposende: cuarto dobre con almorzo incluído, 85 €. Casa dos Ulloa: cuarto dobre con almorzo incluído, 85 €.

RUTA DO VIÑO DO RIBEIRO



LENDA

PARTICIPANTES

- ADEGAS PARTICIPANTES
- RESTAURANTES PARTICIPANTES
- ALOXAMENTOS PARTICIPANTES

COMUNICACIÓNS

- AUTOESTRADA DE PEAXE
- AUTOVÍA
- REDE DE ESTRADAS DO ESTADO
- REDE AUTONÓMICA DE ALTA CAPACIDADE
- REDE AUTONÓMICA BÁSICA
- REDE AUTONÓMICA COMPLEMENTARIA
- REDE AUTONÓMICA SECUNDARIA
- REDE PROVINCIAL
- FERROCARRIL A.V.E.
- FERROCARRIL VÍA ANCHA
- FERROCARRIL VÍA ESTREITA

POBOACIÓN

- LUGO CAPITAL DE PROVINCIA
CAPITAL DE COMUNIDADE AUTÓNOMA
- FERROL CAPITAL DE CONCELLO MAIOR DE 50.000 HAB.
- MARIN CAPITAL DE CONCELLO DE 20.000 A 50.000 HAB.
- RIAXO CAPITAL DE CONCELLO DE 5.000 A 20.000 HAB.
- ESOOS CAPITAL DE CONCELLO MENOR DE 5.000 HAB.

LIMITES ADMINISTRATIVOS

- LÍMITE DE ESTADO
- LÍMITE DE COMUNIDADE AUTÓNOMA
- LÍMITE DE PROVINCIA
- LÍMITE DE CONCELLO

ESCALA

